

## **CIRCULAR 1/2016**

**(modificada a 11/01/2016) sinálase en vermello os cambios**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

# **CAMPIONATO DE GALICIA CADETE E XUVENIL DE CAMPO A TRAVES INDIVIDUAL E POR EQUIPOS**

Friol, 31 de Xaneiro do 2016

**Art.1.-** A Delegación da F.G.A. en Lugo organizará o **Campionato de Galicia cadete e xuvenil individual e por equipos de campo a través** o domingo 31 de Xaneiro do 2016 en Friol

**Art.2.-** O Campionato disputarase na categoría *cadete* (anos 2001-2002) e *xuvenil* (anos 1999-2000) (homes e mulleres).

**Art.3.-** Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2015/2016) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola F.G.A. inda que pertezcan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.

3.3.- Atletas nacionais ou estranxeiros convidados expresamente pola F.G.A. que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Art.4.-** Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos en cada unha das categorías. Para a clasificación por equipos terase en conta os seis primeiros atletas que cheguen á meta e sumaranse os postos dos catro primeiros.

**Art.5.-** En cada categoría a clasificación por equipos realizarase de seguinte forma:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas componentes dos equipos segundo o reflexado no artigo 4º, con exclusión dos **que non houberen tomado a saída**, polo menos, con catro (4) compoñentes.

2. Esta lista somentes estará formada polos atletas dos clubes que realizasen a inscrición no sistema dentro do prazo previsto.

3. A cada atleta se lle atribuirá o número de puntos coincidente co posto que resulte aplicándose os puntos (1 é 2) anteriores.

4. Serán proclamados vencedores os equipos que obteñan o menor número de puntos.

5. Os empates a puntos resolveranse a favor dos equipos cuxos cuartos atletas acaden mellor clasificación."

**Art.6.-** Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras.



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: secretariogeneralfga@gmail.com

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



CAMPIONATO GALEGO DE CAMPO A TRAVES CADETE-XUVENIL			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
11:55	CADETE	Mulleres	2.500 m. aprox.
12:15	CADETE	Homes	3.500 m aprox
12:40	XUVENIL	Mulleres	4.000 m. aprox.
13:05	XUVENIL	Homes	5.000 m. aporx

**Art.7).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o 26 de Xaneiro ás 20:00 horas.

**Art.8).**- Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán confirmar a composición dos seus equipos, ata 45 minutos antes da saída de cada proba. Rematado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art.9).**- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

**Art.10).**- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

**Art.11).**- Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados a nivel individual así coma trofeos os tres primeiros equipos. Sendo de obrigado cumprimento acudir ó protocolo de premiacións. No caso contrario, non se fará entrega das medallas.

**Art.12).**- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible por diante en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.13).**- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á F.G.A. (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

**Art.14).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, da acordo coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -

Correo: [secretariogeneralfga@gmail.com](mailto:secretariogeneralfga@gmail.com)

Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>

- 15008 - A CORUÑA



Secretario Xeral da FGA

(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 8 de xaneiro de 2016